

Exercicio:

Sodes capaces de cooperar?

Dividide a clase en dous grupos iguais. Pedide ao voso profesor ou profesora que pinte cun xiz un cadrado no chan para cada grupo e metédevos dentro. Despois, o profesor ou profesora debe pintar un cadrado máis pequeno a cada grupo e igualmente tedes que caber dentro, axudando aos membros do voso grupo.

Continuade coa actividade cada vez con cadrados máis pequenos. Se alguén do voso grupo queda fora do cadrado, perdedes todos e gañará o xogo o equipo contrario, posiblemente porque cooperaron mellor!



Primaria

Creando Rural

ESCOLA EU RURAL


Unidade

6

A cooperación entre territorios

www.creandorural.org

Investigación



Clima

+



+

Traballo

+ Saúde



Cultivo

+



Paisaxes



Tecnoloxía

+



+

Animais

A cooperación entre territorios

Que é a cooperación?

Facer un esforzo entre varias persoas para conseguir un resultado. Tamén é posible cooperar entre concellos ou entre asociacións.

Para cooperar é necesario combinar varias cousas:

Compartir recursos

Traballar en equipo

Repartir as tarefas

Ás veces, os territorios teñen necesidades ou problemas moi parecidos e a cooperación é unha moi boa maneira de **compartir coñecementos, experiencias e boas prácticas** coas que solucionar eses problemas.

Deste xeito, as persoas, os colectivos de persoas, os concellos ou as asociacións poden axudarse uns aos outros. Tamén existe a **cooperación entre os diferentes sectores económicos e entre institucións**.

Exemplos de cooperación

Os territorios que deciden cooperar, poden facelo por moitos motivos. Algúns exemplos son os seguintes:

· Para coidar o medio ambiente ·

Ás veces os territorios póñense de acordo para **empregar os seus recursos naturais de forma sostible**. Por exemplo, un bosque que está entre dous concellos ao que van persoas dos dous concellos a recoller cogomelos.

Os concellos poden decidir poñer un número de cogomelos máximo por persoa para conseguir que sigan crescendo durante moito tempo.

· Para aumentar o emprego ·

Nos territorios pódense **construír viveiros, granxas, fábricas, industrias ou comercios** nos que traballará xente da área.



· Para mellorar os servizos e a calidade de vida ·

Lembras o que é o sector terciario (unidade didáctica 3)? Moitas veces os concellos ou territorios **comparten servizos uns cos outros**, o que é unha forma de cooperación.

Por exemplo, un concello que non ten piscina pública e outro concello distinto que non ten escola de música. Os dous concellos poden decidir compartir eses servizos, para que as persoas que viven nos dous territorios poidan desfrutar de ambos.

A Medida Leader Galicia 2014- 2020

É un programa de cooperación e participación da cidadanía para as zonas rurais.

